



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2025.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Beade, sendo as vinte horas do día trece de febreiro de dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA.

D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 14 DE XANEIRO DE 2025.- Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 14 de xaneiro de 2025.

2.- SUBVENCIÓN PROMOCIÓN DA IGUALDADE 2025.- Dase conta da Orde do 3 de xaneiro de 2025, da Consellería de Política Social e Igualdade, en materia de axudas aos concellos para a promoción da igualdade para o ano 2025.

Os membros da Xunta de Goberno, por UNANIMIDADE, acordan solicitar subvención para o programa do plan de corresponsables no ámbito local”, cun orzamento de 6.401,00 €.

3.- SUBVENCIÓN FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL.- Dase conta da Orde do 23 de xaneiro de 2025, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en materia de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental, para o ano 2025.

Tendo en conta o obxecto da convocatoria e necesidades do municipio, os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, acordan aprobar o anteproxecto denominado “Mellora da eficiencia enerxética do alumeadado público no núcleo de As Regadas”, con un presuposto total de 49.948,80 €, así como solicitar axuda económica.

4.- ACTUACIÓNS PLAN CAMIÑA RURAL 2025-2026.- O Concello de Beade ante a aprobación da Resolución do 30 de decembro de 2024, pola que se aproba para a concesión directa, mediante resolución, das axudas do Plan de mellora de camiños municipais 2025-2026, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ven de redactar o Proxecto “MELLORA E MANTEMENTO DE CAMIÑO MUNICIPAL: CAMIÑO EIGÓN” e, por UNANIMIDADE, os membros da Xunta de Goberno Local, acordan:



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

- **Aprobar o proxecto da actuación por un importe de execución por contrata de 38.259,00 € (sen IVE).**
- Aprobar a participación do concello no presente Plan Camiña Rural.
- Manifestar a disposición dos terreos necesarios para a execución das obras incluídas no proxecto, a súa posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, durante un prazo de 5 anos, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras.
- Asumir, unha vez recepcionadas as obras provisionalmente, e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación das mesmas durante un período de 5 anos.
- Manifestación expresa do compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no artigo 72.1 do Regulamento (C.E.) 1698/2005, do 20 de setembro, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes:
 - a) que afecten á súa natureza ou as súas condicións de execución
 - b) que resulten, ben dun cambio na natureza do réxime da propiedade dunha determinada infraestrutura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade produtiva.
- O Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido por dito Concello."

5.- SUBVENCIÓN CREACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS

2025.- Dase conta da Orde do 14 de xaneiro de 2025, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en materia de subvencións para a creación e mellora de infraestruturas vinculadas a servizos municipais, para o ano 2025.

Tendo en conta o obxecto da convocatoria e necesidades do municipio, os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, acordan aprobar o proxecto denominado "Praza en As Regadas", con un presuposto total de 48.400,00 €, así como solicitar axuda económica.

6.- LICENCIAS DE OBRA.- Examinadas as peticións sobre licencias urbanísticas, por UNANIMIDADE, acórdase conceder licencias de execución de obras, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, os seguintes señores, advirtíndolles que a mesma non producirá efectos sin o previo pago do Imposto liquidado por Intervención e, asimismo, que a licencia quedará sin efecto, de non cumprirse as condicións fixadas.

AUTORIZAR a D^a. MARÍA DEL PILAR VILLANUEVA SANTAMARÍA, con domicilio en Rúa Porriñeira, 24 (Beade), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmovible con ref. catastral 32011A01300031, e conforme á petición formulada con data 31.01.2025, rexistro de entrada 2025-E-RE-10, poda proceder a realizar obras de realizar Tellado sobre adega, e de acordo co Informe emitido polo Arquitecto Municipal



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

A presente licencia non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cuxa liquidación ascende ao seguinte importe:

* 2% sobre presuposto de execución de 16.860,00 €..... 337,20 €.

DENEGAR AUTORIZACIÓN a D. JESÚS SANDOMINGO DOMÍNGUEZ, con domicilio en Rúa Souto dos Chaos, 2, de As Regadas (Beadé), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmoble con ref. catastral 0575607NG7817S0001LW, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar colocación de toldo articulado de aluminio en cor botella con extensibles de 2 X 1,50 m, de acordo coa Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 30.01.2025, e Informe emitido polo Arquitecto Municipal.

Neste punto da Orde do Día, auséntase da sesión a Sra. Pérez Costa.

7.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN.- Dase conta do escrito presentado por D^a. Gabriela Pérez Cost, en representación da Comisión de Festas de Beade, solicitando axuda económica para a Festa de San Blas.

Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, acordan conceder unha axuda económica por importe de 150,00 €.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as vinte horas e corenta minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,



Asdo. Fernando Taboada Guntín.

O SECRETARIO,



Asdo. Pablo Fernández Loureiro